

OBRADOIRO 28
REVISTA DE ARQUITECTURA



Siza volve a Santiago, invitado pola Universidade, para construír a Facultade de Ciencias da Información no campus norte.

Lonxe de Santiago, M. Sorkin, un crítico neiorquino, chegou a xustificar a arquitectura do Movemento Moderno como un experimento da NASA. Algo así como un xigantesco ensaio para que toda a poboación, desde California ata New York, se habituara a vivir en estruturas de aceiro e vidro, antes do seu traslado a unhas futurísticas bases en Marte.

Seguramente, con esta afirmación, Sorkin buscaba máis a polémica que un argumento, pero á parte da súa radicalidade, non é menos certo que a crítica máis reiterada ao Movemento Moderno é polo seu *desapego* ante o medio, pola súa condición de *desarraigo*.

A arquitectura de Siza será, paradoxicamente, a proposta máis distante a un proxecto da NASA para construír o cosmos. Os seus proxectos procuran enraizarse no contorno máis próximo, procurando relacións tanto co seu medio físico como cultural, e esta é, quizais, unha das súas principais aportacións á arquitectura contemporánea.

A Facultade de Ciencias da Información, a FCI, é un bo exemplo. Lonxe de pretender ser un artefacto sen referencias, quere participar de estruturas maiores: do barrio, do campus, da cidade. Nace do sitio coa intención de *formar parte*.

Ante o barrio, o proxecto preocúpase por relacionar unha realidade moi disgregada e disconexa. A proposta reforza o ámbito da rúa como o seu elemento estruturador, e intenta reafirmalo buscando aliñamentos que definan a continuidade do espazo público. Unha condición antes inexistente.

Ante o campus, o edificio define un espazo central para unha parte do campus aínda sen completar e coloca os seus volumes máis importantes, a mediateca e o aulario, en torno a un espazo público novo. Logrando relacións onde antes había un baleiro.

O edificio parece que se estira, retórcese para poder saudar e atender a todo o mundo. Coa amabilidade dun portugués, o proxecto quere facer cidade.

Non se pode entender o proxecto da FCI, sen antes *coñecer o outro*. O barrio, o campus, a cidade, son datos fundamentais para entender a proposta, e todos logran con el un sentido que antes non tiñan.

Quizais o máis inmediato ao achegarse á obra de Siza sexa entendela como un obxecto, e comprendela desde as formas e os volumes, pero parece claro que outros aspectos do seu traballo son tan importantes.

A arquitectura de Siza está pensada para ser habitada e non responde só a

cuestións sobre cómo se ocupa, ou cómo se ten que usar, senón que reflicte tamén outras condicións máis sensibles e menos medibles: cómo se anda, cómo se le, cómo se espera, e esa é unha posición, aínda que sempre amable, pode resultar hoxe ata estraña.

Nesta facultade resulta relevante a súa dimensión social, no só pola súa preocupación ante a cidade, senón pola súa proposta dunha facultade como lugar de relación. A diferenza doutros proxectos máis intimistas onde Siza mostrara unha maior atención polo home como individuo, na FCI, sen embargo, está máis atento á súa condición social, e esta idea organiza o edificio.

Sendo un edificio fundamentalmente técnico, con múltiples estudos e laboratorios, son os espazos de encontro e de relación os que o definen. Na FCI, aparecen múltiples lugares onde poder atoparse, onde poder sentar e conversar, sitios onde ao individuo lle resulta fácil relacionarse e coñecerse.

O proxecto resolve a escola no só como espazo docente, senón como lugar público. As aulas non se acaban nos seus límites. O proxecto entende todos os espazos da facultade como *lugares de coñecemento*. Estudantes e mestres encontran con este proxecto novas posibilidades de transmitir experiencias.

Siza insiste no século XXI en falar de Humanismo. Humanismo entendido como un modo de resistencia ante un desenvolvemento máis materialista e tecnista. Gracias a ese esforzo, na Facultade das Ciencias da Información séntese, como diría Camus, "... ese amor polo home sen o cal o mundo, só sería unha inmensa soidade".





VIVENDA UNIFAMILIAR "CASA VIEIRA"

Arquitecto: **Carlos Seoane.**

Aparellador: **Antonio Ramos.**

Promotor: **Antonio Piñeiro.**

Construtor: **Boqueixón.**

Data do proxecto: **1998.**

Remate da obra: **1999.**

Situación: **Breixo (Santiago de Compostela).**


Fotografías: **C. Seoane.**




A casa Vieira é unha vivenda para unha familia xove con tres fillos. Situada no Breixo, un lugar moi preto de Santiago pero que aínda participa de características rurais, unha condición moi común nas beiras das cidades galegas onde o urbano e o rural mesturan sen límites.

Con 140 metros cadrados, o proxecto dá cabida ás necesidades da familia en torno a un patio semiaberto. Ao sur ábrense o salón e o espacio para o almorzo. Na parte leste da casa colócanse os dormitorios e o cuarto para o baño maior. Ao norte fica a cociña, xusto a carón da entrada.


A casa organízase ao redor dun espacio central descuberto pero claramente definido. É o lugar onde toda a casa estende nos momentos máis lúdicos, cando os xogos dos rapaces ou os almorzos no verán.


Os materiais foron decididos polo cliente en función do custo económico, polo cal a intervención do arquitecto se limitou a *definidor das xeometrías*. Materiais e acabados, dentro dos custos asumidos, procurouse encontrar sempre os máis neutros.






CORTE PATIO






ALZADO PATIO




ALZADO ENTRADA



REXIÑA METALICA NA CABECEIRA DA PORTA

PORTA INSTALACIÓNS
MARCO DE FERRO
CHAPA DE FERRO



PORTALÓN COCHES E PORTA DE PASO
MARCO DE FERRO PINTADO



Para quen vén doutro continente, Europa representa un mundo fascinante. As páxinas dos libros onde estudiamos transfórmanse en materia tanxible. Consequimos ler estruturas, períodos, sentidos. Dentro desta lectura faise evidente o impacto das novas transformacións, "o noso tempo", unificado, globalizado, e moitas veces discontinuo co legado, xera contradicións entre tradición e contemporaneidade. A sorpresa inicial do "descubrir" vaise diluíndo en exemplos banais e sen raíces. O concepto de lugar é confuso e os estereotipos impóñense.

Ao trasladarme a Breixo, ao lado de Santiago, outra vez teño a sensación contradictoria entre Arquitectura e Lugar. As casas disimulan a súa imaxe con granito e acentúan a súa presenza con frondosos tellados. Claro, dous pisos aseguran a lectura por enriba do macizo de árbores á distancia.

Continúo por rúas, aínda de terra, e a sorpresa renace.

Un volume neutro revocado e dunha soa altura é a primeira imaxe que aparece da casa "Vieira". Recorremos o perímetro este do terreo ata chegar ao ingreso da propiedade. O volume continúa con xeometrías claras e produce un intervalo para o propio ingreso á casa. Acóllenos un espazo previo, intimista, para logo dilatarse nun patio central, aberto pero contido, que resolve as relacións internas comunicando todas as dependencias, e as externas, co xardín.

Os muros que definen o volume non delimitan funcións; conforman espazos para que elas poidan desenvolverse en complicidade permanente co sitio.

Esta complicidade dificulta realizar unha lectura precisa dos límites. Os espazos converxen ao patio en forma de "U", pero esta descrición é meramente formal. Máis correcto sería diferenciar espazos cubertos (casa) e descubertos (patio), pero aínda estaría incompleta.

Eu diría que é un sistema único con diferentes posibilidades espaciais e funcionais, que desvirtúa a xeometría do volume para abrirse *sen límites á imaxinación do usuario. Unha casa dinámica e flexible que só se intimida para satisfacer as necesidades nocturnas.*

Ben encadrada, situada e relacionada, a casa "Vieira" non só me enfeitiza polo místico sabor da sorpresa, senón tamén por demostrarnos que podemos ser contemporáneos sen esquecemento da cultura, do clima, do contexto e dos recursos. Un exemplo que dignifica a profesión.

